

INFORME DA COMISIÓN DE ECONOMÍA DO CONSELLO SOCIAL.

INFORME AUDITORÍA EXERCICIO 2007.

USC

Proposta de Informe da Comisión de Asuntos Económicos ao Pleno

Ao igual que xa ten feito o Consello Social respecto da Auditoría dos anos 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006 recóllense de seguido a propostas de conclusións da Comisión de Economía sobre o Informe de Auditoría do Exercicio 2007, para a súa análise e, no seu caso aprobación polo Pleno.

Consideramos oportuno destacar a corrección por parte da USC no 2007 de diversas e significativas incidencias postas de manifesto en exercicios anteriores, seguindo en gran medida as propostas e consideracións realizadas polo propio Consello Social. A comparación das salvedades referidas ao 2007 diminúen de forma significativa en cantidade e alcance respecto a exercicios anteriores.

Analizamos de seguido cada unha das salvedades incluídas no informe.

4. Salvedades que afectan aos estados económico-patrimoniais.

4.1.- Trátase dunha limitación de alcance. A USC recolle nos orzamentos de cada exercicio dotacións para facer fronte ás posibles cargas derivadas dos litixios en curso. Non resulta fácil axustar completamente unha posible estimación e provisión de ditas cantidades, aínda así a USC ten dotadas, como se recolle no propio informe de auditoría provisións por importe 927 mil euros ao final do exercicio 2007. Considérase necesario que a firma auditora ou o Equipo de Dirección da USC especifique cantos dos litixios en curso son de contía indefinida para poder valorar adecuadamente esta limitación de alcance, debendo artellarse o próximo ano algún procedemento para que se inclúa un parágrafo que de deixe claro que os riscos de contía indeterminada non teñen especial relevancia para as contas da Universidade.

4.2.- Mais que unha salvedade constitúe unha posta de manifesto dos problemas no desenvolvemento do traballo pola firma Auditora. O proceso de circularización é competencia da Firma Auditora tendo aportado a USC toda a colaboración ao respecto. As conclusións da Firma Auditora constitúen unha cláusula de salvagarda, ou unha limitación de alcance, do seu traballo ante o resultado da circularización. Para a auditoría do exercicio 2007 a USC, seguindo as indicacións do Consello Social respecto deste punto e, de acordo cos criterios da firma auditora, inclúese na carta de circularización o seguinte parágrafo: “solicitamos a súa colaboración a esta solicitude de información de saldo que permite aos auditores analizar os efectos que, no seu caso, se poideran derivar sobre as contas anuais da nosa institución”. Dende o Consello Social se considera necesario incrementar as accións para mellorar o proceso de resposta da circularización polo que se insta ao Equipo de Dirección a que se tomen as medidas oportunas para evitar esta situación en anos vindeiros.

4.3.- Esta salvedade constitúe de novo unha limitación de alcance e repítese respecto de anos anteriores. Á marxe de que sería necesario un estudo actuarial para efectuar unha cuantificación do custo previsible por este concepto nos vindeiros anos, non semella oportuno bloquear recursos orzamentarios para facer fronte a estes premios futuros. No capítulo de

gastos de persoal de cada exercicio dótanse as partidas coas previsións de gasto para cada exercicio. Os gastos por este concepto non son de contía moi elevada -50 mil euros no ano 2006 e 123 mil euros no 2007-. En todo caso, a USC dotou previsións por este concepto por importe de 68 mil euros.

Coa finalidade de evitar esta limitación de alcance en anos vindeiros, considérase necesario realizar o estudo actuarial durante o ano 2008, ou unha estimación similar, que permita axustar adecuadamente as previsións.

COMENTARIO XERAL SOBRE AS PROVISIÓNS (Válido para os puntos 4.1 e 4.3)

*Os organismos públicos están suxeitos na súa actividade económica a un orzamento aprobado e rexistran as súas operacións cos mecanismos da contabilidade orzamentaria e da contabilidade financeira mediante o envorcado automático da anterior que se completa realizando asentos por aquelas operacións que non se xeran automaticamente na execución orzamentaria: en concreto as amortizacións, previsións, axuste de valores patrimoniais, etc.. Nas limitacións que indican os auditores fan referencia ao tema de **provisións**, que se reflicten na contabilidade financeira pero que na orzamentaria só terían cabida reservando cada ano unha parte do gasto coa finalidade de crear un fondo para previsións o que suporía un bloqueo dos recursos correspondentes. Non parece lóxico realizar esta operativa e si contemplar no orzamento de cada exercicio os gastos previstos para a cobertura das contingencias previstas para este período polos motivos antes mencionados, aínda que realmente poidan ter a súa orixe en exercicios anteriores. Financeiramente si poderíamos dotar as previsións, e así o estamos a facer nos conceptos mais significativos, pero o importante é dotar os recursos necesarios no orzamento de cada exercicio.*

4.4.- As obrigas referidas neste epígrafe correspóndense con facturas que se aboan nun ano posterior ao da súa emisión, tendo a súa orixe, principalmente, no proceso de peche do exercicio que implica que facturas que se tramitan fora dos prazos establecidos -14 decembro para a maioría-, se imputen ao exercicio seguinte. Debemos de ter en conta que a meirande parte destas débedas páganse con créditos que tamén se incorporan ao exercicio seguinte.

5. Salvedades que afectan aos principios contables orzamentarios.

Neste apartado a firma traslada dende unha perspectiva contable-orzamentaria as salvedades antes comentadas polo que resulta válida a información xa exposta.